

Resolución do 22 de febreiro de 2022 do tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro) pola que se lle da publicidade a diversos acordos

Na sesión que tivo lugar o día 22 de febreiro de 2022, o tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.: Convócase á realización do cuarto exercicio (probas psicotécnicas) ás persoas aspirantes que resultaron aptas no terceiro exercicio do proceso selectivo e que figuran como Anexo I a esta resolución.

A primeira parte desta proba, correspondente á parte escrita da mesma, realizarse o día **3 de marzo de 2022, as 10:00 horas no Salón de Actos da Agasp**, sita na rúa da Cultura, s/n, 36680, A Estrada (Pontevedra), en chamamento único.

A segunda parte da proba, consistente na contestación a un cuestionario formulado verbalmente realizarase **os días 10 e 11 de marzo de 2022**, na mesma sede da Agasp, coa data e horario que figura como Anexo II a esta resolución.

Segundo. Ante a situación epidemiolóxica actual derivada do COVID19, co fin de garantir o correcto desenvolvemento deste exercicio, teranse en conta as seguintes normas:

-É obrigatorio o uso de máscaras, e todos/as os/as aspirantes convocados deberán traer as súas propias. Deberá ser das tipo cirúrxica ou FFP2.

Terceiro. As persoas convocadas deberán obrigatoriamente acudir provistas de:

- Documento Nacional de Identidade.
- Certificado de vacinación Covid-19 impreso en papel ou ben certificado nominativo impreso de proba PCR e/ou antixenos – COVID19, con resultado negativo, realizado por un laboratorio, con data máxima de expedición, dous días antes do chamamento que figura no Anexo I.

Cuarto. As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas descritas anteriormente e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

Quinto.: Os CRITERIOS que se terán en conta na realización desta proba son:

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación as funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado e serán efectuadas por persoal técnico e especialista.

1. Personalidade

Para a proba de personalidade realizaranse dúas medicións, para o que se empregarán dous instrumentos:



1.1. Cuestionario de Personalidade que mide a ansiedade, a extraversión, a socialización e a independencia. Considérase unha persoa NON APTA para ser policía local se mostra puntuacións elevadas en ansiedade (entre 8 e 10 puntos) ou extremadamente baixas (1 punto), baixas en extraversión (puntuación de 1 a 3) e en socialización (puntuación de 1 a 3), e extrema en independencia (9-10 puntos). Igualmente contrástanse as puntuacións que se obteñan con outros factores, que poderían chegar a discriminar no caso de que as puntuacións sexan de 8-10 puntos: persoa crítica e fría, pouco estable emocionalmente, débil e excesivamente sumisa, despreocupada por aceptar poucas obrigacións ou evitar normas, con falta de confianza en si mesma, deixándose afectar polos sentimentos, excesivamente desconfiada, con tendencia á culpabilidade, baixa integración e un exceso de tensión. Para finalizar, o cuestionario expón preguntas de distorsión motivacional e negación (sinceridade nas respostas). Considérase NON APTO aos candidatos que falsean as súas respostas, coa finalidade de aparentar algo que non son.

1.2. Cuestionario de Personalidade para Policía Locais, que mide algúns dos trazos máis relevantes para o posto de policía local, a través de 4 escalas: control e xestión emocional, paranoidismo (vinculado á interacción con outras persoas), control/ extraversión e sinceridade. Intercálanse preguntas de control, extraídas doutros test. Os centiles son específicos de persoas que teñen postos de relevancia de cara ao público, onde é importante ter estabilidade emocional, alto grao de control, baixo paranoidismo, tendencia á extroversión e sendo persoas sinceras nas súas respostas. As puntuacións directas dos NON APTOS, que se corresponden a un centil extremo (<20%) para as 5 escalas son:

- Escala Control: 10 ou menos puntos
- Escala Xestión Emocional: 4 ou máis puntos
- Escala de Paranoidismo: 9 ou máis puntos
- Escala de Extraversión: 2 ou menos puntos
- Escala de Sinceridade: 4 ou menos puntos

2. Intelixencia

Para a proba de intelixencia realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas vinculadas ás funcións de policías locais. Os factores que se pretenden medir son: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

As probas que se implementarán son:

2.1. Intelixencia Xeral: Considérase APTA unha persoa na policía local que alcanza un centil do 50%, é dicir, unha puntuación directa de 10 puntos sobre 30.

2.2. Comprensión e fluidez verbal e Razoamento cognitivo: o centil 50% obtense a través dunha puntuación directa de 49 puntos (o que equivalería a un Coeficiente Intelectual de 100). Por tanto, considérase APTO nesta proba cando se obtén un puntuación directa igual ou maior a 49.

2.3. Comprensión de ordes, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual: empréganse 3 instrumentos de elaboración propia e testados con policías locais:

- Reixa de números do 00 ao 99. Deberán localizar números en situación de tensión. Desta forma valórase a comprensión das ordes, a tolerancia á presión do tempo, o uso de distractores, a atención discriminativa e resistencia á fatiga. Non se considera unha proba para catalogar como NON APTO a un candidato, pero si complementaria en caso de estar nos límites noutras probas.



- Atención discriminativa e memorial visual: consideramos que unha proba necesaria para valorar a candidatos para policía locais é a de mostrar unha fotografía/lámina dunha cidade, na que hai elementos como edificios, persoas, coches, obxectos e que teñan a capacidade de discriminar aqueles que son relevantes, así como de poder reproducir fielmente a imaxe. O punto de corte está no recoñecemento de 15 de 20 elementos relevantes da situación (APTO).

3. Cuestionario formulado verbalmente

3.1.Os resultados obtidos nas probas psicotécnicas realizadas o día 3 de marzo, segundo establece a convocatoria serán contrastados mediante probas individuais que consistirán na contestación a un cuestionario formulado verbalmente coa finalidade de valorar tamén o estados psicolóxico das persoas aspirantes e levaranse a cabo os días 10 e 11 de marzo nos horarios e quendas que se establecen como anexo II a esta resolución.

3.2.A especial natureza destas probas, consistentes en entrevistas persoais, determina que se teñan que extremar todas as precaucións posibles para asegurar a transparencia do proceso e evitar sospeitas de arbitrariedade, e situacións de indefensión das persoas aspirantes. Por estes motivos, este Tribunal acordou a procedencia da gravación audiovisual das entrevistas.

Esta gravación concíbese por este Tribunal como garantía e dereito da persoa aspirante, que no suposto de impugnación do resultado da proba, o órgano xudicial encargado de resolver o recurso poida examinar de modo obxectivo o seu contido e as circunstancias da súa realización.

Polo tanto, ao inicio da entrevista procederase por parte dos membros do Tribunal presentes de informar ás persoas opositoras da filmación da mesma.

Non obstante, os dereitos e finalidades citados deben conciliarse coa necesidade da salvagarda dos dereitos á intimidade e a propia imaxe, así como a protección dos datos de carácter persoal, as gravacións usaranse exclusivamente neste proceso selectivo no suposto de que sexa necesario en vía xudicial, e destruíranse unha vez rematados todos os prazos legais do mesmo.

No suposto de que unha persoa aspirante non autorizase a súa gravación, deberá deixar constancia de tal negativa de xeito documental.

3.3. O chamamento será único. As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa entidade.

Debido a especificidade da proba, os horarios publicados son orientativos.

A Estrada, 22 de febreiro de 2022

A Presidenta do Tribunal

María Ramos Canosa

